


# IRIMIA



REVISTA MENSUAL  
DE CRENTE GALEGOS  
ANO XLI  
Nº 1040  
De agosto a  
setembro de 2022  
Benia quen constrúe  
a paz!

## Romaxe 2022.

### Castelo (Culleredo), ao pé do Monte Xalo. 10 de setembro.

*No roncel de Moncho Valcarce:  
Unha mesa grande, diversa e igualitaria  
para Galicia e a humanidade*

IRIA  
ALDEGUNDE



# A foto que fala

Galicia segue ardendo polos catro costados. O modelo forestal fracasa e urxen actuacións nos nosos montes.



## O trasno

Daniel López Muñoz

### *Homo non-transcendens, predecesor do homo exstinguitur*

Non temos boas novas. O planeta está que arde. En Irimia levamos máis de trinta anos con estas lerias. Que pesados!

Poderíamos contemporizar. “Vaia, fálanos doutras cousas, mellor non saber”. Ou “Queremos información en positivo”. Si, pero non. Como lles dicía hai un tempo Greta Thunberg aos gobernantes: “Non quero a túa esperanza. O que quero é que entres en pánico. Quero que sintas o medo que eu sinto cada día. E... que actúes. Que actúes coma se estiveses nunha crise, como se a túa casa ardese. Porque está ardendo...”.

En agosto de 2022, segundo os expertos, xa consumimos todos os recursos que corresponderían a este ano e tiramos de reservas. Ah!..., pero reducir o gasto enerxético nun 7 %, evitando ter que abrigarnos nos bares no verán *ou ter que quitar o xerse* no inverno, é un atentado contra a liberdade individual, contra o libre comercio e contra o sagrado principio de “Quen o pode pagar, que faga o que lle pete”.

Hai pouco, nun programa de Ansuaga, escoitamos que os neandertais (*homo neanderthalensis*), ese homínido extinto, pero do que levamos parte no noso código xenético, xa poñía flores nas tumbas dos seus seres queridos. E está *documentado que hai* medio millón de anos, en Atapuerca, na súa radical fragilidade, aqueles pre-neandertais amparaban as persoas discapacitadas do clan: era antieconómico e arriscado, pero era humano. “Non somos búfalos” diríalle, a carón do lume, a avoa atapuerquensis á súa neta.

Os “grandes relatos” da humanidade -eses que agora caeron en desuso e desgraza- seguiron, en xeral, esa evolución antieconómica, transcendente e moral. Laicos ou relixiosos, occidentais ou orientais, dan por suposto que o ser humano é transcendente ou... non é humano. Non acabamos en nós mesmos, non somos tan importantes; non somos átomos, *inconexos egos (aínda que a algún lle chega ben)*. Somos moito máis ca iso. Doutra maneira: somos o resultado do que outras e outros fixeron; somos os causantes do que

outras e outros gozarán ou sufrirán. Un “nós” no espazo e no tempo.

O homo sapiens “era” un homo transcendens. Pero o capitalismo desbocado, o produtivismo desregulado e depredador necesita xente intranscendente: con conciencia clara de que *todo nace e morre neles* mesmos. E crea esa xente. Consumidores compulsivos. Suxeitos de *dereitos individuais sen límites comunitarios nin planetarios. A quen lles importe nabo e medio o futuro de quen veña despois. Exemplos dunha nova subespecie: o homo non-transcendens, que, de facerse dominante, será o predecesor máis ca probable do homo exstinguitur.*



A 44.<sup>a</sup> Romaxe toma impulso na figura de Moncho Valcarce, para acabar preguntándonos pola actualidade da súa actitude vital, do seu compromiso ético e político e pola relación que todo iso ten cunha concepción liberadora da fe e da vivencia do “relixioso”.

No cristianismo primixenio, o dos relatos sinópticos, antes mesmo de que se inventase a Igrexa, xógase todo ao redor dunha mesa, unha comensalía aberta, na que se dá grazas, na que sempre hai varios pratos de máis. Pura poesía.

Esa mesa igualitaria e integradora é o gran símbolo dunha humanidade que se salva porque salva. É un símbolo que anuncia equidade para todas, felicidade no pequeno, coidado mutuo, sobriedade compartida, festa revolucionaria... É un símbolo de denuncia contra a economía do luxo, os mundos privativos, a cobiza das grandes corporacións e calquera forma de fascismo e de depredación egoísta dos recursos escasos. Na Romaxe poñemos a mesa e abrimos a fiestra a procesos históricos, a pequenas ou grandes loitas que fan real -ou algo máis real- esa Mesa enorme e planetaria.

Nunha Romaxe na que se parte da memoria do “crego das Encrobas”, cómpre logo actualizar os retos aos que el se enfrontou a finais do pasado século. Escrutar os sinais dos tempos, os desafíos do presente, que é a maneira mellor de honrar a memoria de Moncho Valcarce: por iso polas fiestras da Romaxe 2022 entra o movemento dos pensionistas por un sistema digno de redistribución da riqueza a través das pensións públicas; tamén o movemento organizado de base veciñal por todo o país, que cuestiona a maneira na que se está aplicando nas aldeas galegas a apisoadora dos macroeólicos; a revolta das mulleres para que a igualdade sexa costume na sociedade e na Igrexa; e as voces que denuncian o trato discriminatorio e inhumano con persoas inmigrantes e refuxiadas.

Recollemos neste número o recente manifesto do Espazo de Encontro de Crentes Galegos, no que se reflexiona sobre eses desafíos do presente, desafíos que marcan as nosas preocupacións e ocupacións e que, dalgunha maneira, tamén se integran na Romaxe deste ano: as guerras e o incremento do armamentismo, a precariedade laboral, os ataques aos logros feministas, a desigualdade e o consumismo que depredan o planeta, a necesidade doutra política ao servizo do ben común. Faise desde unha perspectiva crente: porque na defensa das vítimas e nos avances da Xustiza e da Paz revélase o sagrado de cada hora.

---

Na Romaxe abrimos a fiestra a pequenas ou grandes loitas que fan algo máis real o soño dunha Mesa enorme e planetaria

---

Carlos Vázquez González

## Nin peregrinación, nin europea, nin da mocidade

A *Peregrinación Europea de la Juventud* (PEJ) nin foi peregrinación, nin foi europea, nin foi da mocidade. Na realidade foi unha mobilización dunha “subespecie do catolicismo”, o nacional-catolicismo español, promovida pola Conferencia Episcopal Española (CEE). O de *Peregrinación Europea de la Juventud* pode considerarse, sendo benévolos, como un espellismo, como moito, xa que realmente foi unha fraude, dado que se presentou intencionadamente como algo que non foi nin sequera pretendía ser.

Unha peregrinación é outra cousa. É unha viaxe esforzada para vivir unha experiencia espiritual, relixiosa ou non, persoal ou comunitaria, que ten como obxectivo a transformación e maduración persoal. E disto pouco ou nada tivo a movida, que máis ben foi unha verdadeira enxurrada de masas xuvenís convenientemente adoutrinadas que seguiron, fanatizadas, a consigna dos organizadores: “Que se note que estáis aquí!”. E vaia se se notou...

Tampouco foi unha movida europea. Os cerca de 12 000 participantes eran, practicamente todos, españois e só había pequenas representacións de tres ou catro países. Isto é lóxico, dado que as subespecies adoitan estaren ligadas a un territorio e o nacional-catolicismo é netamente español, forxado nunha sanguenta cruzada con centos de miles de vítimas entre mortos, asasinados e represaliados. De aí a hiperbólica exhibición da bandeira de España, nada habitual nas peregrinacións propiamente ditas.

E, estritamente, a PEJ tampouco foi cousa da mocidade. De feito, foi organizada, dirixida e tutelada en todo momento pola xerarquía católica es-

pañola, especialmente senil ela, e apoiada polo papado, que enviou un representante oficial. A mocidade foi só carne de canón ou “clase de tropa”, como diría Escrivá de Balaguer. E moito me-

nos foi cousa “da mocidade”. Foi un grupo notable, pero, incluso cuantitativamente, pouco significativo. A mocidade española de hoxe son máis de sete millóns e medio de persoas que, cualitativamente, nada teñen que ver coa movida episcopal.

En Santiago, salvo catro que cren inxenuamente que isto é negocio, a xente sentiuse molesta e incluso agredida pola desmesura evidente da rapazada e algúns compadeciáanse da manipulación vulgar dos soños e esperanzas duns mozos, para conducilos á auto-represión persoal, ao fanatismo, ao dogmatismo e á superstición. E é verdade que haberá danos a estas persoas, pero moitas delas hanse de liberar ao longo da súa vida polas vías do amor e do coñecemento. Co que, na realidade, a estratexia da xerarquía nacional-católica fracasará, como fracasa cada día na conciencia da inmensa maioría dos españois. E iso a pesar do desproporcionado poder que se lle tolera á xerarquía católica española, que tan arduamente, en alianza coas forzas máis reaccionarias do país, fomenta a debilidade dunha democracia anémica para aproveitarse dela.

A depuración dos seus anacrónicos privilexios e o tratamento democrático adecuado á Igrexa segue sendo unha materia pendente da democracia española.



**A PEJ foi un  
espellismo, unha  
fraude.**

# ...pero a vaquiña polo que vale

Tino Santiago

TRIMIA

## Columna parva

Esta é unha columna parva, que vai falar do dedo que sinala a chaga e non da ferida. A ferida non é outra ca os 509 mortos en residencias nos primeiros 9 meses da pandemia. A percha, a razón que xustifica a actualidade do tema, é que xa sabemos que máis da metade delas se produciron nas residencias do grupo DomusVi e nas da Fundación San Rosendo. O dedo é que o coñecemos grazas á teimosía do xornal Praza, que leva 20 meses pelexando para que a Xunta faga públicos os datos.

Esta columna debería volver falar da chaga, de por que morreu máis xente nas residencias ca fóra delas e se dalgún xeito se puido evitar. A versión oficial remítenos a un estudo da USC, que non pasa de dicir que “morreron máis vellos, pois tiñan máis patoloxías previas” (sic), pero o mesmo estudo recoñece que non pode saber se eran problemas de corazón, asma ou figado, se afectaban máis a homes ca a mulleres etc., pois non tiveron acceso a datos individuais. A chaga é que temos que saber máis e mellor, pois pódenos volver pasar. Non vale a pobre desculpa da Xunta, de que se fixo mellor ca noutras partes de España, nin a simpleza de que “a culpa é das privadas”, da esquerda.

Pero quero falar do dedo, pois, no fondo, o dedo forma parte doutro andazo que padecemos. Durante todo este tempo a Xunta retivo estes datos, non llelos deu nin aos deputados do PSdeG ou do BNG nin aos poucos xornalistas que llelos pediron. Praza recorreu á Valedora do Pobo, que instou á

Xunta a dalos a coñecer. Pero nestas, DomusVi recorreu ao Tribunal Superior, temendo que a publicación lle puidese afectar ao seu negocio; dicían que saber que 161 persoas morreran en centros xestionados por DomusVi podía levar “a pensar que non houbo unha dilixencia debida no coidado das persoas”.

En maio deste ano o Tribunal Superior fallou en contra de DomusVi: “Debe primar o dereito ao acceso á información pública... tamén no campo do sector das residencias privadas..., como medio de fornecer a cidadanía de elementos que poidan conformar unha opinión pública libre, algo ineludible para a boa saúde democrática de calquera país”. En agosto, no mes de menor intensidade informativa, a Xunta envíalle os datos a Praza, que os publica en formato aberto.

A transparencia é unha das cousas que menos lles gusta aos gobernos, pois leva case inevitablemente a poder pedir responsabilidades. Por iso é tan importante que os medios poidan acceder aos datos e que os publiquen. Claro que, como dicía con ironía o meu admirado David Reinero, un dos responsables desta investigación en Praza: “Datos? Iso é xornalismo antigo. Onde estean unhas declaracións virais...”

dicían que saber que  
161 persoas morreran nos  
seus centros podía levar  
“a pensar que non houbo  
unha dilixencia debida”



# O peto do Santo Antón

Rubén Aramburu



O amigo Carlos Callón vén de publicar un libro impresionante polo contido e polo traballo realizado: *O libro negro da lingua galega*. Vén sendo un memorial de agravios contra o galego e case que un breviario para ler cada día, como unha meditación. Comeza cunha nova do 28 de maio de 1480: “Se quixeres ser escribán, non podes usar o galego”, un decreto das cortes de Toledo que prohíbe empregar o galego en documentos oficiais e remata cunha sentenza do Tribunal Constitucional do ano 1986, declarando inconstitucional unha lei do Parlamento Galego que iguala oficialmente galego e castelán. Son mil e unha noites de pedra entre a primeira e última entrada ao longo de case 800 páxinas.

Unha gran maioría das entradas teñen a Igrexa institucional como responsable. Desde multas por falar galego nos seminarios, castigos e mesmo o emprego do cilicio para non caer no tal grave pecado que é falar na lingua dos pais e dos veciños. Moito me temo que xa non son precisas tales aldraxes. O galego está desaparecido hoxe en día dos seminarios e centros de formación eclesiásticos na Galiza. O libro negro precisa dun segundo volume dende 1986 a 2022 e habemos quedar abraiados! Estaría ben que *Irimia*, co permiso de Carlos Caión, publique de cando en vez coma un recordatorio algún destes agravios clericais contra o galego.

Queda tamén a satisfacción de descubrir o empeño de milleiros de galegos en reclamar o emprego do galego na Igrexa. Segundo Callón, “As persoas cristiás que querían



os oficios relixiosos en galego realizaron unha das maiores mobilizacións en defensa da nosa lingua en toda a súa historia: entregáronlle miles de instancias á Igrexa, escribiron ducias de artigos, a pesar do control da ditadura, publicaron manifestos... Posiblemente non existiu -e non é unha hipóbole- outro movemento tan masivo de defensa dunha lingua en todo o mundo”

Emociona recordar como o crego Xesús Carro salvou exemplares do *Códice Calixtino* en galego e os últimos números da revista *Nós*, agachándoos baixo da sotana antes de que arrasasen a imprenta do mártir Ánxel Casal en Santiago. Obrigado, Carlos, que esforzo tan fermoso de amor por Galiza!

## O CARRABOXO por ROBE LOIS



# O peto común

Teresa Souto Loira



IRMA

A humanidade precisa máis humanidade, máis gratitude, máis humildade, menos competencia e máis unidade, acompañamento e apoio. As guerras son creadas dende o poder por motivos económicos, pola avaricia e o egoísmo, e son sufridas, temidas, pagadas, pola humanidade, polas crianzas, polas persoas maiores, polas persoas máis vulnerables... As guerras aproveítanse inxustamente da vulnerabilidade! E quen gana nas guerras, nas batallas? Ninguén... Hai liñas que se se pasan, xa se perde, xa se destrúe, xa se rompen os fogares das persoas que vivían en paz. Debemos manter a fe e a esperanza en nós mesmos, nas persoas, na humanidade, na bondade inmersa no noso ser e no amor incondicional.

*Non te deixes vencer polo mal; ao contrario, vence o mal co ben. Romanos 12:21*



## Rumores de esperanza

Xan Guillén Vázquez

Que tal foi este verán? Fixeches algo diferente? Agardo que si porque as vacacións sempre chaman a rachar co pesado día a día. De feito, no último “Rumores” dábaches unha serie de propostas para facer este verán. Serviuche a proposta?

Eu onte fixen unha cousa que penso que paga a pena coñecer. Pasei un pouco de tempo por Mostrart. Trátase da mostra de artesanía que fan nos Cantóns da Coruña. Xa leva moitos anos celebrándose alí e sempre hai postos moi moi preparados.

Isto dáme pé para reflexionar sobre a importancia que deberíamos darlles aos artesáns. A min resúltame admirable o seu labor. En primeiro lugar, porque hai que ter capacidade artística, que para min resulta difícil. O outro motivo é que todos os artesáns son uns loitadores e unhas loitadoras. Ante un mundo no que se privilexia aquilo que




está feito de xeito industrial para o consumo inmediato, hai xente que fai as cousas amodo, seleccionando o mellor para o consumidor. Se cadra, paga a pena comprar roupa feita á man, preto de casa; ou poder comprar algún complemento, algún obxecto para a cociña... Non é tan difícil, non é tan caro.

De todos os xeitos, non nos enleemos. Vémonos axiña, na Romaxe!, polas terras de Culleredo. Estou desexando compartir unha empanada convosco. Rumboia arde!!!

O profesor e estudante A.K. publicou o libro **AFGANISTÁN: una república del silencio**. *Recuerdos de un estudiante afgano* (Ed. Akal), no que relata, a través da súa propia historia persoal, a situación pasada e actual do país. No texto rompe co mutismo ao que os hazaras foron condenados e denuncia a opresión desta minoría, facendo unha crítica honesta á corrupción, ao fanatismo e á pobreza.



Este verán presentouse no Instituto Teolóxico Compostelán a **CUARTA EDICIÓN DA BIBLIA EN GALEGO**. A editorial SEPT publicou esta última versión adaptada ás normas da RAG trinta e tres anos despois do primeiro texto, no que a Biblia fora traducida directamente dos idiomas orixinais (hebreo, arameo e grego). Con tal motivo, a Biblia en galego recibiu en 1990 o Premio Nacional de Tradución. A súa elaboración fora posible grazas ao traballo de balde e ás aportacións de moitas persoas colaboradoras.



O vindeiro 22 de outubro, sábado, terá lugar no salón de actos do colexio da Compañía de María de Santiago o foro 2022 de **MÚSICA RELIXIOSA GALEGA** baixo a organización de Encrucillada. Entre as 10.00 e as 19.00 horas desenvolveranse un relatorio e unha táboa redonda e xa á tarde haberá un festival para pechar a xornada.



Na parroquia de San Martiño de Pino, do concello chairego de Cospeito, quedan en pé os restos do símbolo da resistencia da nobreza galega fronte ao poder centralizador dos Reis Católicos: o castelo (ou torre) de **CALDALOBA**. Malia a súa declaración como BIC en 1994, non estaba ben conservada e dende este pasado mes de agosto a metade da fortaleza é propiedade da Deputación de Lugo. Aos poucos, o propio concello anunciou o inicio do expediente de expropiación do resto da propiedade.



Tras 20 meses de percorrido xudicial, o diario dixital *Praza.gal* conseguiu que a Xunta publicase os datos oficiais das **PERSOAS FALECIDAS POR COVID NAS RESIDENCIAS** no inicio da pandemia. Eses datos non foron facilitados ao propio Parlamento de Galicia pola negativa reiterada do goberno e da Xunta, malia o seu interese xeral recoñecido polo propio TSXG, e revelan que o 53 % dos falecementos acaecidos nos primeiros 9 meses da pandemia foron en centros DomusVi ou da Fundación San Rosendo.



Mentres a Xunta de Galicia anuncia a apertura de 130 aulas máis de Educación Infantil e de Educación Primaria para o vindeiro **curso escolar 2022/23**, dende as formacións sindicais denúnciase, pola contra, o peche de 59 unidades e, como consecuencia, a falta de 100 docentes neses niveis educativos. O certo é que dos 137 000 nenos e nenas que había nas aulas galegas de infantil e primaria no ano 2019, no próximo curso haberá 9184 menos, acompañando a tendencia á baixa no número de nacementos no país nos últimos anos.



**GUSTAVO PETRO** foi investido Presidente de Colombia e colócase, xunto coa vicepresidenta FRANCIA MÁRQUEZ, á fronte dun novo goberno no país. Reivindicando o diálogo como método, pretenden reactivar decididamente o acordo de paz coas FARC dentro dun programa de goberno que inclúe tamén medidas de xustiza social, a defensa do medio ambiente e da transición enerxética ou a reforma fiscal e agraria nun país onde o 10 % da poboación detén o 70 % da riqueza.



A asociación ecoloxista ADEGA analizou as **CAUSAS DA SECA** en Galicia e identificou entre un dos posibles factores a proliferación de eucaliptais no país. Co fin de valorar esa incidencia, ADEGA dirixiuse á entidade Augas de Galicia e á Confederación Hidrográfica Miño-Sil, partindo de estudos que afirman que estas árbores consomen entre 20 e 30 litros de auga ao día (a superficie eucaliptizada en Galicia é de 500 000 hectáreas).

## Unha Irimia accesible ao “universo”



*Asínase estes días un convenio entre o Consello da Cultura Galega (CCG) e a Asociación Irimia para dixitalizar e facer universalmente accesibles na INTERNET a revista Irimia e os textos das Romaxes de Crentes Galegos e outros documentos expresivos da actividade da asociación desde o seu nacemento, a principios dos 80, até a actualidade. Así, a partir da Romaxe deste ano poderanse consultar todas as revistas na web, incluídas as máis vellas. Conversamos con Rosario Álvarez, actual presidenta do Consello, sobre esta iniciativa.*

**Como lles explicarías aos nosos lectores en que consiste exactamente esta actuación?**

A dixitalización e a posta a dispor de quen queira destes fondos hemerográficos pretende tanto a preservación da súa integridade coma a difusión dos seus contidos, para coñecemento público desta parte do noso patrimonio e para uso dos investigadores e outras persoas interesadas. Non se oculta que tamén é unha forma de homenaxe,

Son parte do noso patrimonio cultural, pero non son importantes só por iso. Estes fondos documentan, día a día, semana a semana, mes a mes, feitos históricos, situacións, iniciativas, actividades, inquietudes, debates, protagonistas etc. que doutro xeito quedan ao azar da memoria duns poucos, con risco serio de esquecemento, de parcialidade ou de terxiversación. Por iso hai que custodialos, darlles soportes duradeiros, mostralos a todo tipo

**Ademais de preservar e difundir esta parte do noso patrimonio, é tamén unha homenaxe a quen o fixo posible**


humilde e íntima, ás persoas e colectivos que botaron a andar este proxecto e que o sostiveron co seu traballo e o seu compromiso durante tanto tempo. Algunhas desas persoas xa non están fisicamente connosco. Outras, felizmente, acompañánnos colaborando nesta tarefa.

**Para o país e a cultura galega, cal é o sentido e a importancia destes fondos abertos que o Consello da Cultura fai posibles?**

de públicos e ofrecelos aos estudosos en acceso doado desde calquera lugar.

**Que outros fondos están xa dispoñibles?**

O fondo hemerográfico dixital do CCG vai ampliándose continuamente en varias fronteas. Por poñer outros exemplos do mesmo período, no que estamos moi interesados nestes anos con actividades diversas dentro da nosa programación, pódese acceder a *A Nosa Terra* e a *Teima*; e a *Irimia* aínda lle seguirán neste mesmo ano



outras novidades. Desde hai xa bastantes anos vimos traballando en *A Saia*, proxecto do noso Centro de Documentación en Igualdade e Feminismos (CDIF), que reúne as publicacións periódicas feministas e LGBTIQ+, e documenta a historia e vicisitudes destes movementos en Galicia. Ou, cun arco temporal moito máis amplo, pódese visitar o noso *Repertorio de Prensa da Emigración*, que compila centos de publicacións periódicas editadas por sociedades de emigrantes ou por persoeiros destacados da colectividade galega na Galicia exterior, e progresivamente vai dando acceso á dixitalización dos fondos.

#### Por que *Irimia*?

En liña co que dicía antes, *Irimia* documenta a existencia dun movemento de gran transcendencia nunha sociedade galega aberta ao cambio e á modernización, tamén de pensamento, ao tempo que recupera a liberdade e desfruta do exercicio de dereitos democráticos que lle foran roubados. Forma parte dese período que vai desde a fin do franquismo ata o presente, incluídos eses anos de fervoreiro de ideas e iniciativas que antecederon a redacción e aprobación do Estatuto, que o ano pasado cumpriu 40 anos.

**Hai moita historia galega que ir sacando á luz, sistematizando, poñendo en común para o futuro...**

Pois si, nesas “fondos” que se dixitalizan e poñen a disposición pública, chamo a atención sobre a importancia

dalgúns tipos de documentos para os que necesitamos colaboración de todos. Enténdase ben que nós pedimos poder dixitalizar e difundir, non quedar cos documentos.

Un deles é o das cartas, que conteñen sempre informacións que non aparecen noutros soportes. Temos en permanente desenvolvemento o proxecto *Epístola*, que convido a visi-

## O fondo hemerográfico dixital vai ampliándose continuamente: A Nosa Terra, Teima, Irimia...

tar: nel imos poñendo a disposición correspondencia epistolar entre figuras da cultura galega; pero tamén no Arquivo da Emigración Galega (AEG) vai medrando un fondo epistolar que conta como ninguén a vida, aspiracións, frustracións, sentimentos... dos emigrados e das súas familias.

**Que outros proxectos ou actividades do CCG en marcha che gustaría salientar?**

Por exemplo, estamos nutrindo continuamente o fondo do Arquivo Sonoro de Galicia (ASG), e non só con

música: emisións radiofónicas, entrevistas, conferencias, paisaxes sonoras etc. Moitas voces perderanse para sempre se van para o lixo as gravacións que aínda as conservan.

O Centro de Documentación Sociolingüística de Galicia (CDSG) arquiva e conserva todo tipo de materiais que documentan as reivindicacións e os debates –tamén os atopelos– sobre os dereitos lingüísticos e os procesos de normalización e normativización. Sen dúbida, a pesar do esforzo, no fondo faltan aínda moitos materiais efémeros (pasquíns, adhesivos, carteis, boletíns, pancartas, fotografías...).

E, aínda que podería seguir, remato co fondo fotográfico. Desde o AEG puxemos en marcha o “Proxecto de recuperación documental e fotográfica da emigración galega”, que pretende axudar a reconstruír e conservar esa parte da nosa memoria colectiva, composta maioritariamente por homes e mulleres que non saen nos libros nin nas crónicas culturais e políticas da diáspora. O noso *Álbum de Galicia* pretende documentar tamén con materiais gráficos as biografías das persoas destacadas. E o mesmo poderíamos dicir de moitos outros proxectos –proprios ou alleos– que teñen como obxectivo preservar, estudar, valorizar e difundir o patrimonio cultural galego de todos os tempos.

Na medida das nosas forzas, desde o CCG ofrecémonos como espazo de enlace entre o arquivo privado e a preservación para dispoñibilidade pública.

# Manifiesto

## Manifiesto 2022 do Espazo de Encontro de Crentes Galeg@s

Os sinais dos tempos: realidades e urxencias do momento actual



*Como crentes, na senda de Xesús de Nazaret, reunidas diferentes comunidades cristiás de Galicia nun “Espazo de Encontro” na primavera en Compostela, reflexionamos nos grupos e sintetizamos os aspectos máis cruciais que entendemos azoutan a vida das persoas, da sociedade e da Nai Terra.*

### Guerras, nunca xamais!

Condenamos, a xeito de berro profético, a inxusta e lamentable guerra de Ucraína e con ela, todas as guerras do planeta: Afganistán, Irán, Siria, Iemen, Palestina, Etiopía, Haití, Nicaragua, Sáhara Occidental...

Denunciamos que “a guerra é o fracaso da diplomacia, da dialéctica e da razón humanizada”. Séguense acumulando armas e, polo tanto, entendemos que se fai necesaria unha educación para a paz e afirmamos: Non ao armamentismo!

Aplaudimos e enalzamos a xenerosa solidariedade que a invasión que

sofre Ucraína espertou na poboación e nos gobernos europeos. Isto é moi de agradecer, pero dóenos que non se apliquen políticas semellantes en situacións similares tan lamentables e inhumanas como as que fan do mar Mediterráneo un colosal cemiterio.

### Humanización do traballo!

Á vista da situación laboral actual, preocúpanos o traballo precario, o desemprego, a sinistralidade, a grave situación da xente autónoma, que se traten de substituír as pensións públicas por plans de pensións privados e a inflación que provoca unha nova crise despois da pandemia, unha máis para a clase traballadora.

Faise necesario que o traballo sexa algo máis ca o xeito de conseguir diñeiro e bens nun sistema capitalista que orixina inxustizas e desigualdades. Cómpre xerar unha cultura de coidados mutuos, de diálogo, de encontro, de acompañamento, de tender pontes.

Preocúpanos a perda de valores fundamentais que sempre caracterizaron a clase obreira traballadora, como a solidariedade, o apoio mutuo e a utopía de soñar con conquistar unha





sociedade onde o traballo humanice e dignifique as persoas.

Tamén nos preocupa a perda de confianza da xente traballadora nas organizacións obreiras. Sen ela non será posible afrontar as graves situacións e sen a unidade da clase traballadora non será posible cambiar a realidade do mundo obreiro.

Non pasarán por riba dos logros feministas!

Albísanse negras treboadas polos ceos europeos que tratan de minguar ou destruír os moitos logros que con tanto sacrificio, ardoroso empeño e cunha rexa constancia foron conquistando nos últimos séculos múltiples organizacións feministas.

Foron moitas as mulleres que empurraron o carro da lexítima igualdade, expuxeron a súa propia vida nunha tarefa ardua, con bo siso e sabia elocuencia, mulleres que fixeron doado o grandioso movemento que é o feminismo, un movemento político-social afortunadamente ben arraigado na sociedade, con multitude de persoas moi mentalizadas e concienciadas. Son estas persoas anónimas as que conseguiron e conseguen a promulgación de leis tocando múltiples cuestións: a igualdade entre home e muller, o divorcio, o sexo, as relación das diferen-

tes clases de parella e dos diferentes xeitos de familias etc.

Os logros do feminismo promoven melloras, non só para as mulleres senón para a humanidade e nunca representarán a quebra ou a inferioridade do masculino. Pola contra, sempre engrandecerán a equidade, a nobreza e o respecto entre todos os seres humanos.

Preocúpanos a situación da violencia de xénero, a violencia machista, o incremento da violencia en xeral, do racismo e da xenofobia, así como as burlas nos colexios e a incorrecta utilización das redes e da dixitalización.

## A desigualdade social, o coidado das persoas e da natureza!

Preocúpannos as enormes zonas de fame e miseria, que o poder económico se concentre cada vez nas mans de menos xente, que primeiro sexa a economía e despois as persoas. E saber que existen persoas desempregadas, sen teito, refuxiadas e inmigrantes sen papeis... que non contan.

Unha cultura que potencia o consumo desenfreado, a antropoloxía individualista e patriarcal e a manipulación mediática, destrúe a nosa verdadeira identidade comunitaria.

Que o incremento da poboación mundial se concentre nos países máis pobres e noutros a despoboación, fai aínda máis difícil cerrar as fendas e afrontar os graves problemas que producen cada vez máis desigualdades, pois vivimos nunha sociedade onde cada día a xente rica ten máis poder e cada día hai máis persoas empobrecidas.

Faise urxente un reparto máis equitativo e xusto da riqueza no mundo e que se implante a renda básica, que é posible e necesaria.

Tamén nos preocupa que, a pesar dos grandes cambios que se están producindo, do cambio climático, da desaparición de moitísimas especies, seguimos contaminando e esquilman-



# Manifesto

## Manifesto 2022 do Espazo de Encontro de Crentes Galeg@s



do a natureza, sen ter en conta que a terra é a nosa casa común e que temos a responsabilidade de deixala nas mellores condicións posibles para as xeracións vindeiras.

Eduquémonos ecoloxicamente, respectándonos e respectando o planeta para que satisfaga as necesidades da familia humana en harmonía coa nai terra e os seres que a habitan.

### Poñer en consideración outra política, a do ben común, a do servizo!

Intranquilízanos moito como se deteriora e desprestixia cada día o xeito de xestionar democraticamente a sociedade, é dicir, a política. Unha política que se pon ao servizo da economía produtiva e que deixa nun segundo plano a educación, a sanidade, o dereito ao traballo, a vivenda digna, o descanso, o ocio.

Entendemos que a política ten que defender os dereitos humanos e poñer sempre a persoa por riba dunha economía que xera iniquidade.

A política do ben común significa empoderamento do pobo, organizado en movementos alternativos socio-políticos en rede. Nestes movementos en rede é necesario espertar as consciencias críticas co sistema para non nos deixar adoutrinar polos medios

masivos de comunicación cara ao consumismo egoísta e deshumanizado do ter. Tamén é preciso que sexamos responsables no uso crítico e prudente da tecnoloxía, que non sexa substituída da capacidade humana, senón complementaria; e que actuemos responsablemente cara á humanización da sociedade, cara á dignidade das persoas e cara ao apoio mutuo, sabendo sempre que os gobernantes e mandatarios son servidores das persoas e escoitadores de propostas e de apoio ao ben común. Coñecendo que o ben común inclúe o benestar en todos os niveis dos seres vivos nunha ética colectiva de respecto e coherencia. A persoa é o primeiro!

### A actual situación da igrexa!

É preocupante a actual situación da Igrexa, a reducida participación de persoas crentes, sobre todo da mocidade, nas parroquias e nas organizacións de Igrexa, no actual Sínodo, así como a postura de parte da xerarquía na Conferencia Episcopal.

É hora de denunciar todas estas graves situacións enumeradas que atentan claramente contra os valores da mensaxe de Xesús, os valores do evanxeo e o proxecto humanizador de Deus.

Queremos resaltar o importante traballo das mulleres na igrexa, non queremos rematar sen dar azos, ánimos e grazas a todas as cristiás que enarboran o estandarte da loita, por facer visible en calidade e igualdade co home a pertenza da muller a todos os ámbitos e categorías da institución; resaltar o traballo que están a facer as mulleres cristiás galegas da “Revolta das Mulleres na Igrexa”. Ánimo e moitos moitos azos. Parécenos importante o proceso aberto coa convocatoria do Sínodo a nivel de toda a Igrexa, por parte do Papa Francisco, que posibilita o facer propostas para transformar a Igrexa universal.



# Romaxe 2022

Bea Pérez Mosquera

IRIMIA

## “Manual de instrucións” para a Romaxe en Castelo (Culleredo)

*Desde a Asociación Irimia estamos felices de convidarte este vindeiro sábado 10 de setembro á xornada de ledicia, irmandade, festa e esperanza, compartindo a vida nesta XLIV Romaxe de crentes galegas e galegos. E tamén convidámoste a que resoe a túa voz noutras compañeiras e compañeiros de viaxe, comunidades, asociacións, parroquias e amigas e amigos. Fai logo de faro e convida, que alguén está esperando o teu convite.*

### Animádevos

Co lema “*Fóra do pobo non hai salvación*”, **ao pé do Monte Xalo, na parroquia de Castelo, concello de Culleredo, esperámosvos.** Alí, onde aínda resoan os ecos da voz de Mocho Valcarce, coñecido como o crego das Encrobas, coas súa loitas solidarias e esperanzadas en tempos ben duros: “*Pois somos fillos dunha terra oprimida na que mal viven xentes explotadas e marxinas*”. Como daquela, hoxe máis ca nunca, doutra maneiras seguramente: *fóra do pobo non hai salvación*.

Agardamos que esta xornada prenda o lume do noso corazón e que alí onde celebremos a Romaxe sexa un momento de reflexión, festa e compromiso e levemos a luz que pregoa un mundo máis xusto.

### Cousas que hai que ter en conta

Hai que levar o folleto da casa, ou descargalo da páxina [www.irimia.gal](http://www.irimia.gal) Aínda que todo vai indo a mellor, tam pouco temos medallón, pero temos unha edición ben coidada e ben bonita, con deseño e portada orixinal da ilustradora Iria Aldegunde.

### Algo de nós

Xa sabedes que para os que nacemos nesta beiriña da Ría, a carón da Coruña, o noso concello é o máis bonito do mundo; para os que vindes dende fóra, podedes ir logo dar un paseo pola ría

do Burgo, que despois de moitos anos de loita e de organización da xente do pobo, por fin se está a limpar... Non vai sen tempo!

Temos os muíños do rego da Xesteira moi pretiño, en Celas.

En Sésamo, no centro social, temos a Biblioteca de Moncho Valcarce.

Vilaboa é a parroquia con máis poboación do concello -temos moito tránsito cara ao aeroporto, que si, tamén está no noso concello- e ten moitos lugares encantadores. Culleredo é rural e urbano, como a Galicia actual, con moito por descubrir.

Pero se eu tivese que elixir hoxe, despois da celebración subiría ao monte Xalo, ver as pedras Picudas, a pedra do Vello ou a pedra do Sombreiro. E seguramente exclamarei: *Qué ben se está aquí!*

Como podedes ver, temos de todo!, pero o que máis nos gusta é que ti veñas celebrar esta Romaxe.



### Como chegar?

Xa sabedes que todos os camiños levan a... Castelo!, mais nós propoñémosche un ben doado!

Podes chegar desde a N-550 ( dirixíndote cara ao monte Xalo á altura de Tabeaio ou Altamira). Tamén vale subindo cara ao monte desde Celas de Peiro.

Para poñer en *Google Maps* ou no navegador:

*Pista polideportiva de Castelo*

<https://maps.app.goo.gl/XMDm-q9XXfF5HBhLf6>

### HORARIO DA ROMAXE

11.00 h ACOLLIDA

12.00 h CELEBRACIÓN. No Ronsel de Mocho Valcarce: fóra do pobo non hai salvación

14.00 h XANTAR COMPARTIDO

16.00 h FESTA RACHADA (CON SORPRESAS)

NON HABERÁ A ORACIÓN DA TARDIÑA

# Ler para camiñar

Juan Antonio Pinto Antón


## La canción de la llanura

Ken Haruf escribe con voz tranquila e pausada das cousiñas pequenas que nos rozan cada día, é dicir, as verdadeiramente importantes. As frases esvaran unha tras outra contando historias dun xeito sobrio, pero cargado de emoción e quentura humana.

Historias miúdas de espazos e xente de pequenas comunidades, esa veciñanza que coñecemos ben, desta volta no imaxinario condado de Holt, Colorado. Victoria, a adolescente embarazada expulsada da casa, que atopa acubillo, grazas á mestra, na granxa dos vellos irmáns McPheron. Guthrie, o profesor de instituto que loita contra a depresión da muller e trata de sacar adiante os dous fillos, Ike e Bobby. Xente con rostro e nomes propios.

Esta xentiña, copa do pobo, copa o protagonismo da novela, cunha literatura elegante e contida, frases sinxelas para construír unha estatura literaria grande. Pasa con este e pasa con algúns libros: hai que beberlos a grolíños para que a copa dure máis. Porque a historia atrapa e xa non se pode abandonar esa paisaxe das grandes chairas, de mestras de escola, da rapaza, dos nenos, dos vellos gandeiros, de pequenas comunidades onde late a vida. Porque neste escenario de xeografía e de escritura espidas agroman as emocións, as soidades que se entrecruzan, o descubrimento do sexo, a busca dun pouquiño de tenrura que permita vivir, o camiño da vellez. Todo un calidoscopio onde a vida constrúe a comunidade.

‘La canción de la llanura’, a primeira novela dunha triloxía, éche unha obra coral de vidas entrecruzadas construíndo un futuro común. Cun estilo direc-



to, sobrio, sen artificios. Vidas feitas de silencios e anhelos buscando e atopando refuxio nesa familia grande que é a veciñanza. Todo un xogo de soidades que se acaban tocando nas casas, na granxa dos vellos, no café do pobo, nas chairas onde paze o gando.

Pequenos dramas, pequenas traxedias, pequenas vidas que constrúen un recuncho de humanidade entre xente que quere tocarse, que busca a compañía do outro, que persegue o amor que nos fai tan fortes e tan fráxiles.

As palabras sinxelas e contidas van construíndo frases contidas e sinxelas para crear pequenas historias cun ritmo intenso e repousado máis aló do sentimentalismo, a beleza ancorada no mapa humano máis aló das paisaxes baldeiras.

O silencio ten moitas arestas. Na novela de Ken Haruf, ‘La canción de la llanura’, todas son poderosamente humanas.

Historias sobrias,  
pero cargadas de  
emoción e quentura  
humana.



# Pingas de orballo

Baldomero Iglesias Dobarrio (Mero)

## CHUS, A VIOLINISTA

TRIMIA



Chamábase Chus e tocaba o violín. Era alta e boa moza. Tiña no rostro a marca dun accidente de circulación, do que lle quedara unha cicatriz difícil de disimular. Era moi arrichada e faladora, sen pelos na lingua e con ese punto de ousadía necesaria para defenderse antes de calquera afronta, por sutil que fose. Era quen de aguzar o gume dunha navalla coas súas apreciacións e matices, co seu afiado estilo aberto e sincero.

O seu soño era ser unha grande intérprete. Soñaba co seu son, co seu coidado, coa delicadeza dos tactos, coa pureza melódica. Ensaíaba e asistía ás clases en Vigo e viaxaba todas as semanas alá, para pulir aquela ansia de dominio na elegancia do instrumento. Era unha muller contundente. Vivía soa nun piso na Pontenova e falaba “palabros”, en defensa dun mundo cruel que lle fora quitando os seus seres máis queridos, quizais tamén os soños. Tiña un mozo, ou varios, non sei, nin sequera sei se o sabía ela. Dáballe clases de música á xente nova dos arredores de Castropol, Navia e Luarca, a onde mesmo fomos cantar nun final de curso daquel centro. Era libre e, como tal, exercía esa liberdade

de pensamento con certa anarquía, que se volvía en palabras axeitadas, asegundadas de obras e conviccións.

Vestía tamén ao seu xeito, xeralmente pouca roupa. Ía cómoda e importábanlle pouco os xuízos recatados daquel tempo tan estreito aínda. Tan pouca roupa levaba que, lembro, nunha actuación no Porriño, daba igual o que cantásemos ou o que falásemos, os ollos de toda a xente ían ás súas pernas. Trouxera unha saia moi curta que deixaba ver ou imaxinar o que cada quen quixese e entón ninguén atendía á mensaxe que se pretendía transmitir. Na segunda parte do acto, xa foi distinto. Atendeu ás consideracións debidas, virouse un pouco e xa non había “panavisión” posible. Así puidemos volver á normalidade do concerto e conectar textos e músicas, todo acabou con ben. Non lle importaban os ollos alleos, os seus ollos non reparaban en nada que non fose o seu violín entremetido nas voces e nos outros instrumentos do grupo.

Chus era da Pontenova, en Lugo, onde tivera unha infancia feliz e fora unha gran activista cultural e torneira, aprendida do seu pai. Tiña unha cadela preciosa, que coidaba máis ca a si mes-

ma. Conducía moi ben e era moi boa mecánica, con sona na contorna. Viña puntualísima aos ensaios, algunha vez acompañada do seu amigo Servando. Tiña un ar pensativo, un mundo no que quedaba ancorada, alí se agachaba de vez en cando, absorta e muda.

**Era quen de  
aguzar o gume  
dunha navalla  
coas súas  
apreciacións e  
matices**

Creo que falaba coas súas ausencias queridas do sobre-mundo, así dicía do seu avó e o seu pai, ambos tan queridos e lembrados. Falábanos deles, das súas conversas e lembranzas, dos seus ánimos para seguir o empinado camiño.

Días antes do accidente fatal, estivo no ensaio e ventaba algo raro. Comentou que ao pasar por diante do cemiterio da súa orixe, sentira falar

# Pingas de orballo

## CHUS, A VIOLINISTA

ao seu avó, que lle advertía ter coidado especial. Andaba asustada e preocupada por medo ao que puidese ser, mesmo foi testar e deixou ditas cousas coas que só ela contaba e que ninguén sabía. O accidente ocorreu á volta de Lugo, nunha curva aparentemente sen perigo. Algo misteriosamente fallou e daquel feito quedaron moitas dúbidas no aire. O certo é que quedei sen amiga, sen aquela compañeira veraz e singular que, ademais, tiña ese punto de anarquía tan fermoso, de loitar por un mundo moito mellor, distinto, máis feminino e moito mellor distribuído. No testamento deixou ditou que, cando durmisse na lembranza, cantásemos unha peza de amor á que eu lle fixera a letra. Aquela que comezaba “Que feriu meu corazón con este lume, pois perdín a razón e o sentido. Foi de amor, foi de amor, foi de amor”. Canto nos custou cantar naquel cemiterio frío e falto do seu-noso violín. Era imposible, e a peza quedou marcada, na propiedade das memorias, sabendo tamén que ela presentira a viaxe. O día do enterro, un pouco antes de producirse, falou comigo o alcalde, viña darme o pérame e díxome -con gran acerto, por certo- que “...Foi boa con todo o mundo, menos con ela”. Xabi Blanco, na Romaxe de 2003, fixo unha memoria dela nas pregarías. Memorias agradecidas desde estas pingas de orballo miúdo.

Tiña ese punto de  
anarquía tan fermoso  
de loitar por un  
mundo moito mellor

Edita: Asociación A. IRIMIA - Dende setembro de 1981

Mesa de redacción: Daniel López Munoz, Luís Gómez Aldegunde, Pedro Pedrouzo Devesa, Rubén Rivas Vidal, Lidia Campos Chan, Lines Salgado Iglesias, José Antonio Martínez. Tif. 986 10 49 45.

Colaboradores: Victorino Pérez Prieto, Manolo Regal, Alfonso Blanco Torrado, Xosé Lois Vilar, Marta Sopeña, Tareixa Ledo Regal, Xabier Blanco, Valentina Formoso Gosende, Antonio Pinto Antón, Carmen Soto, Rubén Aramburu Molet, Marisa Vidal, Xan Guillén, Christina Moreira, Carlos Vázquez G., Teresa Souto Loira, Josecho de la Torre Culler, Lucía Santiago Díaz, Baldomero Iglesias Dobarrío (Mero), Lois Ferradás, Xaquín Campo Freire, Nieves Espiñeira Medín, Francisco Almuíña, Alfonso Mascuñana, Antón Laxe, Ramón Díaz Raña, Olga Álvarez, Bea Cedrón, J.M. Barca López, Felipe Arias Vilas, Tino Santiago e Clara Baliñas Vidal.

Corrección lingüística: Lidia Campos Chan, Luís Aldegunde.

Recepción de artigos e colaboracións en: asociacionirimia@gmail.com

Subscripcións: Apdo. 296 – 15704 Santiago de Compostela.

Tel.: 615 464 095 / irimia@irimia.gal

Ordinaria: 30 Euros, de Apoio: 45 Euros. Cota de socio: 3 Euros.

Para asuntos da asociación non relacionados coa revista: irimia@irimia.gal

Conta: Fiare Banca Etica

ES10 1550 0001 2500 0078 9628

Depósito Legal: C-1417-81

Tirada: 650 exemplares

Deseño e maquetación: TallerDD (Riveiro)

ISSN: 2172-9182

Imprime: TÓRCULO Artes Gráficas

Distribúe: IMPACTA

Edición electrónica: <http://irimia.gal>

Feito en papel reciclado



Actividade subvencionada pola



Deputación DA CORUÑA

## A BANDEIRA, A CRUZ E O LUME

*Lume vin traer á terra: e que máis quería eu ca que xa estivese a arder! Hanme bautizar cun bautismo e xa me tarda a hora de que se cumpra! Pensades que vin traer a paz á terra? Abofé que non: vin traer división. Pois desde agora na casa onde haxa cinco, estarán divididos tres contra dous e dous contra tres. Estarán enfrontados pai con fillo e fillo con pai, nai con filla e filla con nai, sogra con nora e nora con sogra.*

No domingo 14 de agosto, cando toca reiniciar o curso da nosa revista, leuse este texto de Lucas nas misas e celebracións da palabra. Difícil de abordar, con interpretacións moi variadas e mesmo contrapostas, unha pasaxe bíblica moi discutida desde que se ten coñecemento. Por que? Porque falar de arder, de lume e división.

### Que veña a paz á nosa terra

Non podó ler isto sen que me veña o retrouso da canción á cabeza. Todo un clásico das celebracións! Pois as mesmas persoas que cantamos isto temos que facer fronte ao que nos conta Lucas. Como interpretalo? Pois depende, como non. Deixa que o texto resoe dentro de ti uns minutos. Aquí presentámosche dúas liñas explicativas. A primeira dínos que é o propio Xesús quen nos trae o lume, que é o mesmo Espírito. Non é un lume destrutor, nin feito para enxuízar á sociedade (tal como pregaba Xoán Bautista no deserto): é o lume do Espírito, a forza que nos move, e que é o que vai causar a división entre as persoas. Quen segue a Xesús non se dedica a enxuízar o próximo; é a súa propia vida, a vivencia da súa mensaxe, a que xera o xuízo. O seguimento de Xesús racha coa falsa paz da orde establecida. O Espírito crea uns vínculos con Xesús que son máis fortes que os da sangue.

Temos outra interpretación do texto que vai noutra liña: as palabras de Xesús enfróntanos a unha loita ao que nos tamén estamos chamados. Por unha banda, aquelas persoas que están con Deus, na busca do seu amor, que tentan vencer as paixóns desordenadas, nunha entrega total a Deus. Na outra, as persoas inimigas de Deus: quen se rexen polo egoísmo, polo pecado e polos malos instintos.

### O nacionalismo cristián

Publicouse un libro en Estados Unido, “A bandeira e a cruz”, que ten un subtítulo que resume moi ben o seu contido: “O nacionalismo cristián branco e a ameaza á democracia americana”. Nel faise un achegamento ao fenómeno deste nacionalismo cristián que está tan en auxe nese país, e que se fixo moi evidente no final do mandato



de Trump e no papel ideolóxico e mobilizador que xogaron no asalto ao Capitolio. É moi revelador, xa que os autores, sociólogos (e tamén cristiáns-protestantes), explican como iso que se deu en chamar o “dereito a vivir coma cristiáns”, o uso que se está a dar a termos relixiosos coma cristián ou evanxélico non son tal, senón que responden a indicadores de Identidade social máis que a unha convicción relixiosa. No fondo, estes cristiáns son persoas brancas que cren que están a ser reemprazadas por inmigrantes e minorías. E as inimigas non son en si as minorías, senón o que dan en agrupar coma “socialistas”.

O nacionalismo branco cristián é o concepto chave para entender o autoritarismo de dereitas nos EE.UU. Aúna os aparentemente incoherentes conceptos de libertarismo, racismo e autoritarismo, que se combinan nunha moral tóxica e nesa amalgama política que está, por exemplo, detrás do apoio a Trump.

Os autores conclúen que este nacionalismo cristián é unha ameaza para a democracia (que nos vai dicir para un país que viviu o nacionalcatolicismo), mais tamén para as propias igrexas, aquelas que din seguir a Xesús.

## Lume

Temos ante nós o reto de nos deixar abrasar polo lume e que isto nos leve, coma Xesús no seu tempo, non só a nos cuestionar a orde social inxusta en que vivimos, senón a crear un mundo novo. Mais tamén podemos, como fan moitas a un e a outro lado do océano, enfundarnos na bandeira, reivindicando os valores da familia (vaia paradoxo!) e o mantemento do privilexios da igrexa, comunidade ou grupo relixioso ao que pertencemos.

Non queda outra que nos animar a volver á Boa Nova, sobre todo agora que hai nova versión da Biblia en galego.

# BIBLIA Falando da lingua

Lidia e Valentina

## Que de graos, non se para...!!!

Arre demo coa calor...!!!! Pola costa do país teredes algo máis de frescura... Así e todo..., manda truco! Non sabemos que calor irá no inferno, pero... débechevos de ser mala de aguantar! Non vos despistedes e bebede para evitar a deshidratación! Auga da billa (non do \*grifo!), da fonte, embotellada... O caso é que estea fresca! Ai!, vennos á cabeza cando eramos pequenas e iamos coas vacas... Cando che daba a sede alá embaixo, nos herbais, tirabámonos ao chan e lapabamos auga da presa... Que ben sabía, que fresquiña e transparente... Nunca ninguén comprobou a potabilidade da presa da Canliña, dos Castiñeiros, do Barbanaz..., pero sabía que rabiaba!!!

E volvendo á temperatura..., sabedes como debedes escribir cando falamos de que estamos a 38 ou a 40 °C? Pois ben, en primeiro lugar, recordade que xa non é correcto falar de “graos centígrados” (a escala “centígrada” xa non existe!), senón de graos Celsius (con maiúscula!, en honor ao físico e astrónomo sueco que propuxo esa escala



de temperatura). Deben escribirse cun circuliño como superíndice, separado do número por un espazo e pegado ao C; se non utilizades o “C”, si que escribiredes o circuliño ao lado do número: 38°, 40°... Nunca debedes utilizar o circuliño subliñado porque iso indicaría orde: o 1º, o 2º, o 7º da lista... E nunca se pon un punto despois do “C” porque se trata dun símbolo, non dunha abreviatura. Olo!!! Para indicar a magnitude dos ángulos xeométricos falamos de graos sexagesimais (un ángulo de 90°).

Nos textos científicos tamén se utiliza outra unidade de temperatura chamada “kelvin” (en honor ao seu creador, William Thompson Kelvin); o seu símbolo é K. Neste caso nunca se dirá “\*grao Kelvin”, utilizaremos “38 K”. E tamén é certo que podeades atopar graos Fahrenheit: o seu símbolo será °F e para escribilos, as normas son as mesmas ca para os graos Celsius.

Vaia vaia... E a troula e o baile tamén contribúen a que suba a temperatura... Quen non botou un baile ao son das

Tanxugueiras ou de Baiuca, de Boyanka Costova, de Dios ke te crew, da banda da Loba ou de Dakidarría!!!??? Que ben de música galega temos!!! Cantos supergrupos puxeron a nosa lingua na boca de medio mundo!!!

Por certo, benvidos e benvidas a todos!!! Fichamos por unha temporada máis!!!



### A BIBLIA 4ª edición Revisión Lingüística 2021

PVP en librerías: 35 euros  
Distribución Editorial Galaxia  
[pedidos@editorialgalaxia.gal](mailto:pedidos@editorialgalaxia.gal)

Tamén se poden facer pedidos a SEPT no correo-e: [editorialsept@gmail.com](mailto:editorialsept@gmail.com)

- Desconto do 25%. Gastos de envío 3 €.
- Proporcionar tfno. de contacto.
- Para 3 ex. ou máis non se cobran os gastos de envío.
- A partir de 50 ex. 30 %